

Bos días a todos e todas!

Seguramente estrañades o voso grupo de compañeiros, compañeiras e amizades, tedes que pensar que esta situación é transitoria e pronto volveredes estar xuntos. As redes sociais sirven para estar conectados pero lembrade facer un uso responsable delas. É importante que cumprades coa vosa parte académica facendo os exercicios propostos. Atoparedes ao final unha serie de páxinas nas que poderdes buscar contidos teóricos e actividades prácticas para seguir traballando nesta materia.

Moito ánimo!!!!

Adica 15 minutos diarios á lectura dun libro en lingua galega que teñas na casa.

A TIPOLOXÍA TEXTUAL

1. Ordena os seguintes enunciados de maneira que compoñas unha historia coherente.

- a) O camareiro moi amablemente púxome a comida que sobrara nun paquete e leveina comigo.
- b) Estaba esfameado, tiña moitísima fame e pedín dous pratos.
- c) Hai uns anos fun de viaxe de negocios a Brasil e entrei a xantar nun restaurante en Río de Xaneiro.
- d) Resulta que alí as racións son moi grandes e eu non puíden nin dar acabado o primeiro prato.
- e) O camareiro díxome algo, pero eu non lle entendín o que dicía e cando chegaron os pratos había comida para catro persoas.

2. Continúa a historia do relato anterior de xeito coherente.

3. Identifica cal dos dous textos que aparecen a continuación é un texto literario.

TEXTO A

Otilia, a máis nova das señoras, rompía a marcha despois de Leto. Nena de dezaseis anos, esvelta coma unha abrótega, era de cara longuiña, branco-rosada coma a margarida das herbeiras; ollos negros e lucentes coma acibeche; nariz delgadiño, cal o pico da lavandeira, e a súa graciosa boca semellante ao gomo da viña que empeza a abrir e mostra o terno acio, mostraba tamén filas iguais de esmaltados dentes, a través de vermello beizos.

TEXTO B

A gandería tradicional segue predominando no territorio galego a causa do sistema minifundista na organización dos seus cultivos. A media das súas explotacións gandeiras

non supera as sete cabezas de bovino e as tres de porcino. Na paisaxe rural, coma a de Santo André de Teixido, proliferan os terreos para o pasto. Non obstante, desde hai dúas décadas as explotacións pecuarias con fins comerciais gañaron terreo, e na paisaxe multiplícanse as granxas de gando e os almacéns para o seu alimento.

4. Que diferenzas atopas entre os dous textos da actividade anterior?

5. Se observas con atención as características do texto non literario, poderías dicir cal é o tipo de texto ao que pertence? Xustifica a resposta.

6. Cales pensas que son as principais diferenzas entre un texto literario e un non literario?

7. Indica a que categoría gramatical pertencen as palabras da primeira oración que aparece no texto A.

8. Escribe as formas verbais do texto B e indica en que tempo están.

Enlaces a contidos e exercicios:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm

Enlaces aos dicionarios en rede:

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

<https://academia.gal/diccionario>

DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA

<https://digalego.xunta.gal>